



## **BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EXERCICIO 2024, REALIZADAS DURANTE O ANO 2023.**

### **1.- FINALIDADE E OBXECTO:**

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1, sinala como competencia dos Concellos a de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar. Para o fomento desta actividade de interese social, as bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción de actividades deportivas extraordinarias dos Clubes/Entidades Deportivas Locais, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro, de acordo ó sinalado nos artigos 40 ao 50 da devandita lei, en réxime de concorrencia competitiva.

O obxectivo desta convocatoria é financiar, en parte, os gastos correntes estrita e directamente derivados da realización das actividades deportivas extraordinarias dos colectivos de base expresados no parágrafo anterior, a efectos de que estes poidan alcanza-los seus obxectivos.

As actividades deportivas extraordinarias realizadas polos Clubes/Entidades Deportivas fomentan, promocionan o Deporte Local, a convivencia e o dinamismo na localidade no que se celebra.

### **2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:**

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, demais normativa Estatal, Autonómica, concordantes. Asemade das normas que se aproben ou teña aprobadas o Concello de Vilagarcía de Arousa.

### **3.- CONSIGNACIÓN:**

A contía total que se destina a esta finalidade é o que figura na partida 342-483,01 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2024.

### **4.- DESTINATARIOS E REQUISITOS:**

Poderán acceder a estas subvencións os Clubes ou Entidades Deportivas con sede

social no Municipio de Vilagarcía de Arousa e que figuren inscritos no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que cumpren os seguintes requisitos:

- Clubes/Entidades Deportivas sen ánimo de lucro e con Personalidade Xurídica Propia.
- A actividade ou evento extraordinario fora realizado no Concello de Vilagarcía de Arousa, durante o ano 2023 e, o seu balance final executado de gastos sexa igual ou superior a 2.000,00 €.

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, ás seguintes actividades:

- Non serán subvencionables as actividades ou eventos extraordinarios que fosen realizado fóra de Vilagarcía de Arousa.
- Non serán subvencionables os campionatos, eventos e actividades deportivas cuio balance de gastos sexa inferior a dous mil euros (2.000,00€).
- As que non inclúan prácticas deportivas.
- Os campus deportivos ou multideportivos.
- Os campionatos, eventos ou actividades deportivas nos que os premios sexan diferentes para homes e mulleres.
- Ningunha actividade que poida implicar calquera tipo de malos tratos aos animais.

## **5.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:**

Son obrigas dos beneficiarios:

a.- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b.- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes, así como, aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

e.- Responder da veracidade dos datos da solicitude e dos documentos baixo a reponsabilidade da persoa que o suscriba.

f.- Que en todas as publicacións, carteis, etc. que existan, deberá figurar a Fundación de Deportes como Entidade patrocinadora ou colaboradora. Asemade a publicidade (pancarta/s, vinilo/s, etc...) facilitada pola Fundación de Deportes deberase colocar nun lugar preferente onde se desenvolva a actividade obxecto da subvención, sendo por conta da organización a colocación da mesma.

g.- A publicidade reflitada no apartado anterior redactarase preferentemente en lingua galega, circunstancia obrigatoria nos eventos de ámbito local, provincial e autonómico.

## 6.- DOCUMENTACIÓN:

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición a **Solicitude e Anexos nos modelos normalizados**. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes.

Sendo a documentación que deberá presentar o solicitante a que a continuación se relaciona:

6.1.- **Solicitude.**- Cada Club/Entidade Deportiva poderá presentar unha solicitude debidamente cumprimentada, para o evento deportivo que considere máis importante. A presentación da solicitude non implica necesariamente que o evento vaia a obter axuda económica, quedando o Consello Reitor da Fundación de Deportes facultado para asignar a axuda económica que estime oportuna en función da cualificación que otorgue ao evento e incluso, non conceder axuda económica e, na que figura unha declaración xurada na que se sinale que:.

a) O Club/Entidade Deportiva non se atopa en ningún dos supostos de incapacidade e 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

b) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

c) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requerirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

d) Que adopta o compromiso que fundamenta a concesión da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**6.2.- Anexo I.- BALANCE DE GASTOS E INGRESOS E BREVE MEMORIA** explicativa da actividade obxeto da subvención.

**6.3.- Anexo II.- CONTA XUSTIFICATIVA (que se inclúe dentro do Formulario de Solicitude)** debidamente cumprimentada e **asinada dixitalmente** polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinale que:

a) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

b) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

d) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención.

6.4.- **Anexo III.- Relación de facturas de gastos** realizado na actividade obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e **asinada dixitalmente** polo representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2 (balance de ingresos e gastos), ordenada por conceptos e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 1.000,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021 de 9 de xullo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguinte medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar o 100% do balance de gastos e ingresos presentado na súa solicitude obxeto da subvención, será necesario a presentación da totalidade das facturas e, o xustificante de pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida ou, no seu caso, á suma da totalidades de todas as subvencións concedidas polas administración públicas. Así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencións públicas, exceda do importe total do balance de gastos e ingresos presentado.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

b) Aceptaranse como xustificantes de gasto, Certificacións oficiais federativas, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguros de Responsabilidade Civil, correspondentes á actividade subvencionada. Así como recibos de colaboradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou

entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Non se aceptarán como xustificantes de gastos, aqueles que teñan como obxecto actos protocolarios.

6.5.- Aquela outra documentación que consideren deba ser tomada en consideración, en relación co baremo que figura no apartado 14 destas bases.

## **7.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES:**

7.1.- As solicitudes acompañadas da documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

### **Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:**

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de Deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

#### 1º) Un pdf por cada documento:

- a) Solicitude e Anexo II: Conta Xustificativa
- b) Anexo I: Balance de gastos e ingresos e Breve memoria explicativa da actividade
- c) Anexo III: Relación de Facturas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

4º) Un pdf coa Cartelería, publicacións, fotografías, etc... na que conste a colaboración e/ou patrocinio da Fundación de Deportes.

5º) Un pdf para calqueira outra documentación que considere deba ser tomada en consideración, en relación co Criterio de Valoración que figura no apartado 13 das bases.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

7.2.- O prazo de admisión de solicitudes finaliza **20 días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación das bases da devandita convocatoria no BOP.**

## **8.- TRAMITACIÓN:**

A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de **DEZ DÍAS hábiles** a partir da data de recepción da notificación telemática, a través da Sede

Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados. Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a interesado/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención.

## **9.- APROBACIÓN DAS CONCESIÓNS DE SUBVENCIONS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA:**

A instrucción do expediente realizarana a administrativa/xestora e director deportivo, así como a secretaría da Fundación de Deportes, que emitirán os correspondentes informes ao respecto e, unha vez finalizada a instrucción, polo Sr. Presidente e Sr. Director Deportivo formularán a proposta de concesión de subvencións da Fundación de Deportes, na que tamén se incluírán as propostas de non concesión nos casos que correspondan.

A aprobación das propostas de concesión das subvencións e o seu recoñecemento da obriga, corresponderá **ao Consello Reitor**.

## **10.- PAGO:**

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente a Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

## **11.- REINTEGRO DE CONTAS PERCIBIDAS:**

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases e, nos supostos que establezca a Lexislación aplicable.

## **12.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR:**

12.1.- A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

12.2.- Os beneficiarios virán obrigados a comunicar á Fundación de Deportes a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

12.3.- Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

12.4.- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS)

12.5.- Por acordo da maioría dos membros do Consello Reitor, previo informe de Intervención, Secretaría e técnicos da Fundación de Deportes, poderase sancionar ca imposibilidade de solicitar a subvención do seguinte exercicio, a aqueles Clubes/Entidades Deportivas, que incumpran algún dos seguintes puntos:

- a) Falsear documentos, memorias, presupostos ou certificacións.
- b) Non renunciar a subvención tan pronto como se teña constancia de que non cumpre os requisitos imprescindibles da mesma ou da lexislación vixente.
- c) Non xustificar a subvención asignada.
- d) A sabendas, presentar na xustificación, recibos ou facturas manifestamente falsos.
- e) Non destinar os fondos da subvención ao obxecto polo que se concedeu a mesma.

### **13.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:**

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta o seguintes criterios:

- Segundo o presuposto de gastos, a axuda económica será maior dependendo dos seguintes aspectos:

. Categoría do evento:

- 1º.- Internacional
- 2º.- Nacional
- 3º.- Autonómico
- 4º.- Local

. N° de Equipos participantes:

1°.- Por equipos

2°.- Individual

. Duración da actividade:

1°.- Seis xornadas ou máis

2°.- De tres a 5 Xornadas

3°.- De dúas Xornadas

4°.- De unha Xornada

. Competición:

1°.- Oficial

2°.- Non oficial.

- Segundo actúe a Fundación de Deportes:

1°.- Patrocinio

2°.- Colaboración

- Antigüidade e consolidación do evento.

- Segundo o presuposto de ingresos, a axuda económica será menor dependendo dos seguintes aspectos:

. Cotas de inscricións ou Entradas.

. Outras Subvencións de Administracións Públicas.

. Outros Copatrocinadores, tanto público coma privados.”

Nota: Todos estes puntos tomaranse en consideración para a aprobación de calquer axuda económica, podéndose puntuar das seguintes formas:

a) Por porcentaxe dos presupostos presentados

b) Por puntuación dependendo dos criterios de presuposto de gastos, tendo en conta os puntos do presuposto de ingresos.

c) Diferentes cantidades dependendo dos dous presupostos.

As axudas non poderán exceder de **10.000,00 €**, para cada actividade ou evento deportivo e, xamáis poderá ser de tal contía que en concorrencia coas subvencións doutras

entidades públicas ou privadas, supere o custo ou déficit segundo corresponda, da actividade obxecto da subvención.

#### **14.- COLABORACION:**

Os Clubes/Entidades Deportivas que sexan destinatarias de esta subvención municipal, comprométense a colaborar coa Fundación Deportiva naquelas actividades para as que sexan requeridos, dentro da súa modalidade deportiva e sempre cando non ocasione perxucios ao desenvolvemento das súas competicións oficiais, nin a súa economía.

Estas colaboracións terían que estar encadradas en eventos ou actividades como:

14.1.- Festa do Deporte.

14.2.- Actividades do tipo: Semana da Mobilidade, Días do Deporte, etc...

14.3.- Exhibicións con motivo de actos festivos.

14.4.- Representación en acontecementos deportivos supramunicipais.

En Vilagarcía de Arousa, asinado dixitalmente

O Presidente da Fundación de Deportes